

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **17 de abril de 2015**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do PP; don Juan Carlos Plaza
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Cristina Ferreiro
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Pola Intervención Xeral; don Marcial Rodríguez Toajas
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación; don Xosé Manuel Cao Rei, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura da acta da sesión do día 10 de abril de 2015.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Desenvolvemento Local (Espazo Lab)

- Para a asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de habilidades sociais da acción formativa "Instalacións e mantemento de xardíns e zonas verdes" do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 375 euros, a favor de **ANA BELÉN LAMAS ALVARIÑO**.
- Para a asistencia técnica de impartición de 15 horas de docencia correspondente ao obradoiro de formación transversal de habilidades sociais da acción formativa "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións do proxecto Lugo emprego activo 2, por importe de 375 euros, a favor de **ESTEFANÍA SAN MIGUEL LÓPEZ**.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Informática

- Para a provisión dun conxunto de climatización e canalización de aire para do CPD municipal, por importe de 13.315,47 euros, a favor de **EMETEL SISTEMAS**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Cultura

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: acta 17-04-15.doc

Asunto:

- Para concerto dos grupos musicais: Ratreros e Familia Caamagno, por importe de 2.000 euros, a favor de **ESCOITAME PRODUCCIÓN**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- Para a impresión de folletos de Lucus Cultural e vinilos do Encontro Analit Estudio de Comunicación e identidade visual, proxecto Thermopolium, talleres e actuación desfile, organización de visitas guiadas en museos e produción técnica desfile de moda romana, por importe de 8.988,71 euros, a favor de **ANALIT ESTUDIO DE COMUNICACIÓN E IDENTIDAD VISUAL, DIVERTIT, S.L., NON TEN DUDA, DIEGO VÁZQUEZ GARCÍA, ACHÁDEGO TEATRO e ALLENTUM**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente, coa abstención do BNG, por ser materia relacionada co Arde Lucus 2015.

- Para taller de teatro clásico (mitoloxía) durante os meses de abril, maio e xuño, por importe de 5.000 euros, a favor de **ACHÁDEGO TEATRO**.
- Para o subministro de 5000 k de pellets para a caldeira do MIHL, por importe de 1.512,50 euros, a favor de **ISEMPA**.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Deportes

- Para a publicación no diario La Voz de Galicia das obras do convenio de deportes entre o Concello de Lugo e a Deputación de Lugo, por importe de 2.964,50 euros, a favor de **LA VOZ DE GALICIA, S.A.**
- Para honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra de reposición total valla da pista de hóckei no polideportivo da Piringalla e melloras doutras infraestruturas deportivas, por importe de 4.169,60 euros, a favor de **OFICINA TÉCNICA LUCENSE, S.L.P.**
- Para accesos a vestiarios do campo de béisbol do Ceao, dentro da obra incluída no Convenio Deputación- Concello, para investimentos de carácter deportivo, por importe de 14.547,90 euros, a favor de **DOCEUNO INSTALACIONES DEPORTIVAS**.
- Para instalación complementaria do sistema de riego nas pistas de Gregorio Pérez Rivera, por importe de 5.611,22 euros, a favor de **DOCEUNO INSTALACIONES DEPORTIVAS**.
- Para aillamento térmico proxectado en escaleira da piscina climatizada de Frigsa, por importe de 13.058,25 euros, a favor de **FAISGAL, S.L.U.**
- Para aillamento térmico-acústico proxectado en antiga vivenda conserxe no pavillón municipal, por importe de 7.659,31 euros, a favor de **FAISGAL, S.L.U.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Servizos Xerais

- Para a adquisición dunha aspiradora para a limpeza e mantemento do cemiterio municipal, por importe de 13.884,75 euros, a favor de **BAYGAR**.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Servizos Eléctricos

- Para a adquisición de material eléctrico, por importe de 1.157,44 euros, a favor de **ESYCSA**.
- Para a adquisición de material eléctrico, por importe de 1.466,16 euros, a favor de **DIGAMEL**.
- Para a realización da instalación eléctrica temporal na feira de San Cidre, por importe de 4.614,96 euros, a favor de **TEI LUGO INSTALACIONES, S.L.**

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

2.- Facturas para ditame

- Decreto número 15003049, de data do 16-04-15, de aprobación de determinadas facturas.

Fóra da orde do día, ditamináronse favorablemente:

- De Deportes

- Para a dotación eléctrica na sala de esgrima no Palacio de Deportes, por importe de 5.988,18 euros, a favor de **ESYCSA**.

- De Cultura

- Para deseño e impresión de 500 exemplares do libro-catálogo sobre a exposición de Xavier Magalhaés, por importe de 3.811,60 euros, a favor de **TA TA TA COMUNICACIÓN**.

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.